



Lingua de Nam♥rar

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Dirección Xeral de Xuventude, Participación
e Voluntariado
2022

LINGUA DE NAMORAR

Xa está aquí o mes de #Namorar e, aínda que vivimos un momento histórico excepcional que nos dificulta bicar, abrazar ou aloumiñar como desexariamos, a palabra, a ilusión e a tecnoloxía seguen sendo as nosas grandes aliadas para liberar a voz e expresar os sentimentos de #Amor neste tempo de #NamorarEnPandemia.

As consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Política Social, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, respectivamente, convocan #LinguaDeNamorar, un concurso en liña de mensaxes de amor en galego dirixido á mocidade.

Obxectivos

Dinamizar o uso da lingua galega entre as mozas e mozos nas súas relacións persoais e nas tecnoloxías da información e da comunicación, nomeadamente, na Internet e na mensaxería instantánea.

Incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para os momentos de lecer e de diversión.

Características das mensaxes

As mensaxes de amor deberán estar escritas en lingua galega e poderanse redactar en prosa ou en verso. A extensión máxima da mensaxe será de 350 caracteres, no caso das categorías A e B, e de 200 caracteres, no caso da categoría C, incluídos os espazos en branco en ambos os dous casos.

Cada participante poderá enviar un máximo de dúas mensaxes ao concurso.

Criterios de valoración

Teranse en conta o grao de elaboración da mensaxe, a orixinalidade e a calidade da lingua. Todas as mensaxes deberán ser inéditas.

A organización do concurso desbotará aquelas mensaxes de carácter discriminatorio ou ofensivo.

Persoas destinatarias e categorías

Lingua de namorar é un concurso dirixido a toda a mocidade con

idades comprendidas entre os 14 e os 35 anos.

Establécense tres categorías de idade:

- Categoría A: de 14 a 19 anos
- Categoría B: de 20 a 35 anos
- Categoría C: de 14 a 35 anos

Premios

Establécense tres premios por cada unha das categorías de idade A e B:

- 1º Patinete eléctrico Youin You-Go L
- 2º Tocabiscos Nevir retro
- 3º Reloxo intelixente con esfera curvada 2.5D

Establécese un único premio pola categoría de idade C:

- 1º Patinete eléctrico Youin You-Go L

Procedemento de participación

No caso das categorías A e B:

Para poder enviar as mensaxes cumprirá rexistrarse na páxina do concurso: <http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar> para o que se deberá cubrir un formulario de inscrición.

Todas as mensaxes serán publicadas na páxina do concurso e estarán identificadas polo título e mais polo número que se lles asigne. As mensaxes gañadoras serán as únicas que se identifiquen co nome e apelidos das autoras e autores.

No caso da categoría C (exclusiva para a rede social IG):

Cómpre ser seguidor/a de @xuventudegalicia e de @linguagalega. As mensaxes publicaranse directamente na imaxe habilitada para o concurso #LinguaDeNamorar no perfil @xuventudegalicia. No texto indicárase en primeiro lugar un cancelo que recolla o título e despois a mensaxe. Ao final da publicación, engadiranse os seguintes cancelos e etiquetaxes: #LinguaDeNamorar #NamorarEnPandemia @linguagalega. Etiquetaranse tamén dúas amizades de IG.

Prazo de presentación

A data límite para enviar as mensaxes é o 18 de marzo.

Votación

No caso das categorías A e B:

O período de votación abarcará do 21 ao 27 de marzo. As persoas que queiran votar tamén deberanse rexistrar na páxina do

concurso. Cada usuario/a poderá votar por un máximo de tres mensaxes en cada unha das categorías de idade.

O xurado do concurso elixirá as declaracións gañadoras de entre as 50 mensaxes máis votadas polos usuarios e usuarias en cada unha das modalidades e categorías de idade.

No caso da categoría C:

A mensaxe gañadora seleccionárase en dúas fases:

1. O xurado do concurso fará unha preselección de 6 mensaxes de entre todas as presentadas en prazo que respecten o indicado nestas bases.

2. O 31 de marzo daranse a coñecer as 6 mensaxes preseleccionadas polo xurado, que concorrerán á votación final do público dende o 1 ao 8 de abril. Rematado o prazo de votación computaranse os gústame que reciba cada mensaxe e gañará aquela que acade un maior número de gústame por parte do público. No caso de que exista empate entre dúas ou máis mensaxes prevalecerán no cómputo o número de gústame dados por parte de seguidores/as de @xuventudegalicia e @linguagalega. A organización reserva o dereito de establecer calquera outro procedemento de desempate.

Xurado

O xurado do concurso estará conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística, un representante da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, un representante da Rede de Dinamización Lingüística, un representante da Rede Galega de Información Xuvenil e unha escritora ou escritor recoñecido en lingua galega, ademais de Alba Guzmán, gañadora do 1º Premio Xuventude Crea 2021 de Novela Curta.

Resolución

A listaxe cos nomes das persoas gañadoras e finalistas nas tres categorías publicarase o 12 de abril. Tanto as mensaxes gañadoras como finalistas daranse a coñecer publicamente en <http://xuventude.xunta.es/linguadenamorar> e nos IG @XuventudeGalicia e @LinguaGalega.

No caso da categoría C, a persoa autora da mensaxe gañadora poñerase en contacto coa organización antes do 15 de abril para reclamar o premio e facilitar os datos de contacto.

Entrega de premios

No mes de abril terá lugar a entrega de premios.

Aceptación das bases

A participación neste concurso implica a plena aceptación destas bases. A organización resérvase o dereito de modificar e interpretar as bases deste concurso sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento e atendendo especialmente á situación sanitaria.